



Modelos de Probas Substitutivas do Título de Graduado en ESO para acceder ás Ensinanzas Deportivas de grao medio para o curso

Proba de madureza (ESO)

Resolución do ... de de ..., DOGde

Materia: Lingua Galega

Materia: Lingua Castelá

Materia: Área Sociocultural

Materia: Área Científico-Tecnolóxica



Parte da proba acceso: Substitutiva do requisito de titulación para o acceso e admisión ás ensinanzas Deportivas de grao medio para o curso 2018-2019. Resolución do ... de ... de, DOG ... de

Materia: Lingua Galega

Grao	Medio	
Data	setembro	
Alumno/a		DNI:
Cualificación		

INSTRUCCIÓN

Formato

A proba consta de 14 exercicios distribuídos da seguinte forma:

- Primeiro bloque: tres cuestións relacionadas cun texto.
- Segundo bloque: unha cuestión de expresión escrita.
- Terceiro bloque: dez cuestións tipo test. O alumnado deberá elixir unha única opción e sinalar a resposta correcta de cada pregunta tipo test na táboa de solucións ás preguntas.

Puntuación

- Un punto por cada pregunta referida ao texto (as tres primeiras).
- Dous puntos polo exercicio de redacción.
- 0,50 puntos por cada pregunta tipo test. Haberá unha penalización por cada erro nas respostas das preguntas tipo test de 0,25 puntos. Non existirá penalización no caso de non responder.

Duración

60 minutos (1 hora)

Execución

As respostas do test indicárase debidamente na táboa final de solucións.

Materiais ou instrumentos que se poden empregar durante a proba

Bolígrafo con tinta negra ou azul.

Advertencia para o alumnado

Está prohibido usar material adicional para a realización da proba. O incumprimento desta norma será motivo de expulsión.





TEXTO

A raposa e a cegoña

Sentíndose un día moi xenerosa, invitou dona raposa a cear a dona cegoña. A comida foi breve e sen maiores preparativos. A raposa **arteira**, como o seu mellor menú, tiña un caldo sen xeito, pois vivía pobremente, e presentoullo á cegoña servido nun prato pouco profundo. Esta non puido probar nin un só **grollo**, debido ao seu longo peteiro. A raposa, en cambio, **lambeuno** todo nun intre.

Para se vingar desa burla, decidiu a cegoña invitar a dona raposa.

— Encantada —dixo—, eu non son protocolaria coas miñas amizades.

Chegada a hora correu á casa da cegoña e atopou a cea servida, e cun apetito do que nunca están escasas as señoras raposas. O olor da carne, partida en finos **toros**, entusiasmouna aínda máis. Pero para a súa desgraza, atopouna servida nunha copa de colo alto e de estreita boca, por onde pasaba perfectamente o peteiro de dona cegoña, pero o fociño de dona raposa, como era de maior medida, non alcanzou a tocar nada, nin coa punta da lingua. Daquela, dona raposa tivo que marchar en **xaxún**, toda avergonzada e enganada, coas orellas baixas e apertando a súa cola.

Para vós escribo, mentireiros: agardade a mesma sorte !

Non enganes a outros, pois ben coñecen as túas debilidades e hanche pagar o teu dano no xeito que máis te afecte.

Jean de la Fontaine



Parte da proba: Madureza. Substitutiva título graduado ESO

1.- Elabore un resumo do texto, en catro ou cinco liñas, de xeito que quede claramente reflectida a idea principal deste:

2.- Defina o significado que teñen neste texto as palabras que aparecen subliñadas nel (lembre que se lle pide dar definicións, non só sinónimos):

Arteiro:

Grolo:

Lamber:

Toro:

Xaxún:

3.- Cite dúas preposicións, dous adverbios, dous adxectivos e dous verbos en infinitivo que aparezan nas dez primeiras liñas do texto (indique en cada caso a liña en que apareza).

Preposicións	Liña	Adverbios	Liña	Adxectivos	Liña	Verbos subxuntivo	Liña
■		■		■		■	
■		■		■		■	



4.- Redacte un texto sobre calquera cuestión relacionada con “o mundo animal” (exemplos: descrición dunha especie, gustos persoais, maltrato animal, etc.). Extensión: entre 10 e 12 liñas.

Indicar a resposta correcta:

1. De que tipo de texto cre vostede que se trata:
 - a) Unha égloga.
 - b) Unha fábula.
 - c) Unha cantiga.

2. Sobre a figura do narrador:
 - a) Non hai narrador, ao ser unha peza dramática.
 - b) O narrador é un dos personaxes e fala directamente cos demais personaxes.
 - c) Hai un narrador omnisciente, que nalgún momento se dirixe aos lectores.

3. A palabra "á", que aparece na terceira liña, é:
 - a) Unha perífrase.
 - b) Unha preposición con acento diacrítico.
 - c) A contracción entre unha preposición e un artigo.

4. A forma verbal "sentíndose", do principio do texto, está en:
 - a) Copretérito.
 - b) Xerundio.
 - c) Participio.

5. “Mais”, na liña 10, é
 - a) Un adverbio de cantidade.
 - b) Unha conxunción adversativa.
 - c) Unha preposición.

6. As palabras “raposa” e “cegoña”:
 - a) Son hipónimos dun mesmo hiperónimo.
 - b) Son dous antónimos.
 - c) Forman parte da mesma familia léxica.



7. Na oración “Os outros coñecen as túas debilidades”, a secuencia “as túas debilidades” fai a función de:
- Suxeito.
 - Complemento directo.
 - Atributo.
8. Un texto narrativo caracterízase por:
- Ter unha estrutura rítmica e silábica prefixada, que admite poucos cambios.
 - Reflexionar características físicas e/ou psicolóxicas de personaxes, obxectos, etc.
 - Referir unha sucesión de feitos ao longo dun tempo determinado.
9. Indique a secuencia correcta:
- ¡Cuidado! Non conduzcades o automóvil pola rúa.
 - ¡Coidado! Non conduzaes o automobil pola rúa.
 - Coidado! Non conduzaes o automóbil pola rúa.
10. Sinale a afirmación correcta.
- As "cantigas de Santa María" e as "cantigas de amor" son algunhas das composicións máis características do Rexurdimento.
 - O galego provén da lingua celta, aínda que tamén ten algunhas palabras incorporadas desde o latín.
 - As tres grandes áreas dialectais do galego son a occidental, a central e a oriental.



TÁBOA DE SOLUCIÓNS			
Nº	A	B	C
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			
9			
10			

Nº de respostas correctas (C)	
Nº de respostas incorrectas (I)	
Puntuación do exame =	



Materia: Lingua Galega. Solucións

TÁBOA DE SOLUCIÓNS PARA A CUESTIÓN 5 (TEST)							
Nº	A	B	C				
1		X					
2			X				
3			X				
4		X					
5		X					
6	X						
7		X					
8			X				
9			X				
10			X				



Parte da proba acceso: Substitutiva do requisito de titulación para o acceso e admisión ás ensinanzas Deportivas de grao medio para o curso Resolución do ... de ... de, DOG de

Materia: Lingua Castelá e Literatura

Grao	Medio	
Data	setembro	
Alumno/a		DNI:
Cualificación		

• INSTRUCCIÓN

Formato

A proba consta de 14 exercicios distribuídos da seguinte forma:

- Primeiro bloque: 4 cuestións relacionadas cun texto.
- Segundo bloque: 10 cuestións tipo test. O alumnado deberá elixir unha única opción e sinalar a resposta correcta de cada pregunta tipo test na táboa de solucións ás preguntas.

Puntuación

1 punto por cada pregunta referida ao texto e 2 puntos polo exercicio de redacción.
 0,5 puntos por cada pregunta tipo test.

Haberá unha penalización por erro na resposta das preguntas tipo test de 0,125. Non existirá penalización no caso de non responder.

Duración

O tempo estimado para responder: 60 minutos (1 hora)

Execución

As respostas indicaranse debidamente na táboa final de solucións.

Materiais ou instrumentos que se poden empregar durante a proba

Bolígrafo con tinta negra ou azul.

Advertencia para o alumnado

Está prohibido usar material adicional para a realización da proba, o incumprimento desta norma será motivo de expulsión.





TEXTO

Iñigo Méndez de Vigo: “Gracias al deporte femenino, la sociedad es más libre y más justa”

El ministro de Educación, Cultura y Deporte y la tenista Garbiñe Muguruza han presentado el libro “Heroínas del deporte” que repasa la historia del deporte femenino español a través de un centenar de fotos del archivo gráfico de la Agencia EFE

El ministro de Educación, Cultura y Deporte, Iñigo Méndez de Vigo, ha destacado “el crecimiento del deporte femenino español” en la presentación del libro “Heroínas del deporte” junto a la tenista española Garbiñe Muguruza.

El acto, que contó con la presencia del presidente del CSD, José Ramón Lete, ha reunido a deportistas retiradas y en activo como Sagrario Aguado, Sheila Herrero, Eli Pinedo, Sandra Sánchez, Cristina Gutiérrez, junto a representantes de distintas federaciones y del Comité Paralímpico Español. “Este libro muestra hasta donde hemos llegado, con imágenes de una belleza conmovedora, detrás de la que hay una enriquecedora historia para sentirnos orgullosos”, ha expresado el ministro.

“Las gestas, caras e historias de todas esas personas que de forma individual, sin ayudas, y probablemente con incompreensión, consiguieron imponer lo que querían, hacer deporte”, ha asegurado.

El texto dedica espacio a figuras legendarias como Lili Álvarez, Carmen Soriano, Aurora Villa, Margot Moles, Carmen Valero, Mari Paz Corominas, Sagrario Aguado o Blanca Fernández Ochoa, muchas consideradas como “pioneras”, definición “muy acertada” en opinión del ministro.

“Fueron personas que derribaron estereotipos, chicas con talento espectacular que pasearon el nombre de España con orgullo. Lili Álvarez en una entrevista en 1995 decía que duele mucho volver a tu país después de ganar y ver que no cuentas. Si estuviera aquí le podríamos decir, lo hiciste y este libro quiere recordarlo”, ha señalado Méndez de Vigo.

Tras mencionar, junto al secretario de Estado para el Deporte, José Ramón Lete, las medidas impulsadas desde el ministerio para desarrollar el deporte femenino, Méndez de Vigo ha confiado en que el libro no sea el último sobre este contenido y reafirmó su empeño en “seguir impulsándolo”.

Según Méndez de Vigo, “que la mujer llegue a lo más alto del deporte debe ser un deseo de la sociedad. Pretendemos dar facilidades a una demanda social y porque además, es una cuestión de convicciones. Detrás de cada historia hay talento, esfuerzo, dedicación, y muchos valores. Así lo transmiten las deportistas, que hoy en día son los ídolos de los jóvenes”.

“Creemos en él y así conseguiremos una sociedad más libre y más justa”, ha indicado Méndez de Vigo antes de ceder la palabra a Garbiñe Muguruza, quien ha agradecido al ministro y al CSD su implicación y gran esfuerzo por este libro, así como a la Agencia EFE “por la sensibilidad y visibilidad que da a las deportistas y a toda la gente que está en el libro porque sin ellas no habría nada”.

“Heroínas del deporte”, editado con las imágenes del archivo gráfico de la Agencia EFE, es una obra en la que se hace un repaso a la historia del deporte femenino español. Desde las pioneras del siglo pasado, como Lili Álvarez, Carmen Soriano o Margot Moles, hasta las grandes figuras de la actualidad, como Mireia Belmonte, Ruth Beitia, Carolina Marín o Lydia Valentín.

Ministerio de Cultura e Deporte, mayo 2018



Parte da proba: Madureza. Substitutiva título graduado ESO

1.- Resume el texto en cuatro o cinco líneas de modo que queden claramente reflejados los aspectos principales que en él se tratan:

2.- Defina brevemente el significado de las siguientes palabras del texto (recuerde que no consiste en usar un sinónimo):

Pioneras:

Esteretipos:

3.- Explica el significado de la siguiente expresión del texto “Imágenes de una belleza conmovedora, detrás de las que hay una enriquecedora historia para sentirnos orgullosos”.

4.- En el texto se menciona la presencia de la mujer en el deporte. Escriba un texto sobre las experiencias de alguna deportista o sobre la presencia actual de la mujer en el deporte actual. Debe ser un texto coherente y cohesionado con una redacción y puntuación adecuada. Puede mencionar los éxitos de alguna deportista, su vida diaria con la presencia del deporte, las dificultades que ha encontrado, la visibilidad que se ha conseguido... (10 líneas aproximadamente):



Indicar a resposta correcta:

1. En la oración: El acto, que contó con la presencia del presidente del CSD, José Ramón Lete[...], el sujeto del verbo “contó” es:
 - a) El pronombre relativo que.
 - b) El presidente del CSD.
 - c) José Ramón Lete.

2. Según el texto, ¿por qué este libro le da sensibilidad y visibilidad a las deportistas?:
 - a) Porque es necesario dar a conocer la sensibilidad de las mujeres.
 - b) Porque se ve el lado más sensible de las mujeres.
 - c) Porque es una oportunidad para que se hable de mujeres y que se vea su trabajo en el deporte.

3. El libro del que se habla en el texto:
 - a) Será el último con esta temática.
 - b) Es único en esta temática.
 - c) Se espera que no sea el último con esta temática.

4. En el texto se indica “Creemos en él y así conseguiremos una sociedad más libre y más justa” . ¿A quién se refiere “él”?:
 - a) Al deporte.
 - b) Al esfuerzo.
 - c) Al Ministro de Educación Cultura y Deporte.

5. Las palabras “heroínas” y “imágenes”, que aparecen en el texto, aparecen acentuadas gráficamente. La razón es:
 - a) Heroínas lleva tilde porque es un hiato e imágenes porque es una palabra esdrújula.
 - b) Heroínas lleva tilde porque es un diptongo e imágenes porque es una palabra abstracta.
 - c) Heroínas lleva tilde porque es un nombre común grave e imágenes porque es un nombre abstracto.



6. La palabra “futbolísticas” que aparece en el texto, es una palabra:
- Compuesta.
 - Derivada por sufijación.
 - Derivada por prefijación.
7. En el texto aparece la palabra “ganar”. ¿Cuál es su antónimo?:
- Perder.
 - Vencer.
 - Superar.
8. El autor que escribió novelas dentro del marco del existencialismo fue:
- Gustavo Adolfo Bécquer.
 - Gabriel García Márquez.
 - Camilo José Cela.
9. Algunos de los autores hispanoamericanos más destacados son:
- Gabriel García Márquez, Mario Vargas Llosa y Cortázar.
 - Almudena Grandes, Miguel Delibes y Carlos Ruiz Zafón.
 - Julia Navarro, Muñoz Molina y Elvira Lindo.
10. En el texto aparece “muy acertada ” en cursiva. ¿Por qué?:
- Porque es un sinónimo de “pioneras”.
 - Porque se quiere destacar esta valoración.
 - Porque se trata de una cita concreta de una valoración del Ministro.



TÁBOA DE SOLUCIÓNS			
Nº	A	B	C
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			
9			
10			

Nº de respostas correctas (C)	
Nº de respostas incorrectas (I)	
Puntuación do exame =	



Materia: Lingua Castelán . Solucións

TÁBOA DE SOLUCIÓNS PARA A CUESTIÓN 5 (TEST)							
Nº	A	B	C				
1	X						
2			X				
3			X				
4	X						
5	X						
6		X					
7	X						
8			X				
9	X						
10			X				



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Parte da proba acceso: Substitutiva do requisito de titulación para o acceso e admisión ás ensinanzas Deportivas de grao medio para o curso Resolución do ... de ... de, DOG ... de

Materia: Área Sociocultural

Grao	Medio	
Data	setembro	
Alumno/a		DNI:
Cualificación		

▪ INSTRUCCIÓN

Formato

A proba consta de 10 exercicios tipo test. O alumnado deberá elixir unha única opción e sinalar a resposta correcta de cada pregunta tipo test na táboa de solucións ao final do caderno.

Puntuación

Cada resposta correctamente contestada contará 1 punto.

Cada resposta incorrecta descontará 0,125 puntos.

As respostas en branco non suman nin restan puntuación.

Duración

O tempo estimado para responder: 60 minutos (1 hora).

Execución

As respostas indicaranse debidamente na táboa final de solucións.

Materiais ou instrumentos que se poden empregar durante a proba

Bolígrafo con tinta negra ou azul.

Advertencia para o alumnado

Está prohibido usar material adicional para a realización da proba, o incumprimento desta norma será motivo de expulsión.





Indicar a resposta correcta:

Indicar la respuesta correcta:

■ **1. O movemento que realiza o noso planeta arredor de si mesmo, que nome recibe e que fenómeno natural provoca?**

El movimiento que realiza nuestro planeta alrededor de sí mismo, ¿qué nombre recibe y qué fenómeno natural provoca?

- a) O movemento de translación que determina a sucesión do día e da noite.
El movimiento de traslación que determina la sucesión del día y de la noche.
- b) O movemento de rotación que determina a sucesión do día e da noite.
El movimiento de rotación que determina la sucesión del día y de la noche.
- c) O movemento de translación que determina a sucesión das estacións do ano.
El movimiento de traslación que determina la sucesión de las estaciones del año.

■ **2. Indique a frase que mellor recolle as características do relevo galego.**

Indique la frase que mejor recoge las características del relieve gallego.

- a) O relevo en Galicia presenta unha altitude media elevada así como abundancia de chairas e mesetas e caracterízase pola escasa variedade.
El relieve en Galicia presenta una altitud media elevada así como abundancia de llanuras y mesetas y se caracteriza por su escasa variedad.
- b) Galicia ten un relevo variado e compartimentado, cunha altitude media baixa e abundancia de serras, depresións, chairas e vales fluviaais.
Galicia tiene un relieve variado y compartimentado, con una altitud media baja y abundancia de sierras, depresiones, llanuras y valles fluviales.
- c) O relevo galego presenta as súas maiores alturas nas zonas costeiras das provincias de A Coruña e Pontevedra, coa presenza de serras mesturadas con pequenos vales fluviaais.
El relieve gallego presenta sus mayores alturas en las zonas costeras de las provincia de A Coruña y Pontevedra, con la presencia de sierras mezcladas con pequeños valles fluviales.



- 3. Un dos indicadores demográficos máis utilizados é a taxa de natalidade. Que mide esta taxa?

Uno de los indicadores demográficos más utilizados es la tasa de natalidad. ¿Qué mide esta tasa?

- a) A relación entre o número de nacidos e o número de mortos, expresada en tanto por mil.
La relación entre el número de nacidos y el número de muertos, expresada en tanto por mil.
- b) A relación entre o número de nacidos e a poboación total, expresada en tanto por cen.
La relación entre el número de nacidos y la población total, expresada en tanto por cien.
- c) A relación entre o número de nacidos e a poboación total, expresada en tanto por mil.
La relación entre el número de nacidos y el número de muertos, expresada en tanto por mil.

- 4. O paso dunha economía depredadora baseada na caza, pesca e recolección a unha economía produtora baseada na agricultura e na gandería supuxo un enorme avance na historia da humanidade. En que etapa da Prehistoria ocorreu este cambio?

El paso de una economía depredadora basada en la caza, pesca y recolección a una economía productora basada en la agricultura y la ganadería supuso un enorme avance en la historia de la humanidad. ¿En qué etapa de la Prehistoria ocurrió este cambio?

- a) No Neolítico.
En el Neolítico.
- b) No Paleolítico Superior.
En el Paleolítico Superior.
- c) Na Idade de Ferro.
En la Edad del Hierro.

- 5. Desde o punto de vista administrativo o territorio español está dividido en dezasete comunidades autónomas e dúas cidades autónomas. Cales son estas cidades?

Desde el punto de vista administrativo el territorio español está dividido en diecisiete comunidades autónomas y dos ciudades autónomas. ¿Cuáles son estas ciudades?

- a) Ceuta e Melilla.
Ceuta y Melilla.
- b) Ceuta e Xibraltar.
Ceuta y Gibraltar.
- c) Melilla e Andorra.
Melilla y Andorra.



- 6. A sociedade no antigo Exipto estaba moi xerarquizada, podendo representarse a súa organización social como unha pirámide. Quen era a persoa que ocupaba o cumio desa pirámide e ostentaba o maior poder?

La sociedad en el antiguo Egipto estaba muy jerarquizada, pudiendo representarse su organización social como una pirámide. ¿Quién era la persona que ocupaba la cima de esa pirámide y ostentaba el mayor poder?

a) O sumo sacerdote.

El sumo sacerdote.

b) O faraón.

El faraón.

c) O xefe militar.

El jefe militar.

- 7. Entre os cambios sociais que acompañan á Revolución Industrial está a aparición do proletariado. Que designa este concepto?

Entre los cambios sociales que acompañan a la Revolución Industrial está la aparición del proletariado. ¿Qué designa este concepto?

a) Grupo social dotado de privilexios xurídicos e que adoita ser propietario dos recursos económicos.

Grupo social dotado de privilegios jurídicos y que suele ser propietario de los recursos económicos.

b) Grupo social que carece de privilexios xurídicos pero está dotado de grandes recursos económicos.

Grupo social que carece de privilegios jurídicos pero está dotado de grandes recursos económicos.

c) Grupo social que non posúe recursos económicos e só ten a súa forza de traballo.

Grupo social que no posee recursos económicos y solo tiene su fuerza de trabajo.



Parte da proba: Madureza. Substitutiva título graduado ESO

- **8. De xeito habitual, situamos a Idade Moderna entre dúas datas, 1453 e 1789. Indique a que feitos históricos corresponden.**
De manera habitual, situamos la Edad Moderna entre dos fechas, 1453 y 1789. Indique a qué hechos históricos corresponden.
 - a) 1453: caída de Constantinopla en mans dos turcos otománs; 1789: inicio da Revolución Francesa.
1453: caída de Constantinopla en manos de los turcos otomanos; 1789: inicio de la Revolución Francesa.
 - b) 1453: caída de Constantinopla en mans dos persas; 1789: fin da Revolución Francesa.
1453: caída de Constantinopla en manos de los persas; 1789: fin de la Revolución Francesa.
 - c) 1453: chegada de navegantes portugueses á China e ao Xapón; 1789: inicio da Revolución Francesa.
1453: llegada de navegantes portugueses a China y Japón; 1789: inicio de la Revolución Francesa.

- **9. Ao finalizar a Segunda Guerra Mundial xurdiron unha serie de organismos internacionais vinculados á ONU, especializados en diversas temáticas. Indique cal dos seguintes está relacionado coa axuda aos refuxiados.**
Al finalizar la Segunda Guerra Mundial surgieron una serie de organismos internacionales vinculados a la ONU, especializados en diversas temáticas. Indique cuál de los siguientes está relacionado con la ayuda a los refugiados.
 - a) OIT.
 - b) UNESCO.
 - c) ACNUR.

- **10. Na historia recente de España deuse en chamar Transición ao período que define o paso da ditadura do xeneral Franco a un estado democrático e constitucional. Entre que anos situamos cronoloxicamente a Transición?**
En la historia reciente de España se dio en llamar Transición al período que define el paso de la dictadura del general Franco a un estado democrático y constitucional. ¿Entre qué años situamos cronológicamente la Transición?
 - a) 1978 - 1992
 - b) 1975 -1982
 - c) 1936 - 1978



Parte da proba: Madureza. Substitutiva título graduado ESO

TÁBOA DE SOLUCIÓNS			
Nº	A	B	C
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			
9			
10			

Nº de respostas correctas (C)	
Nº de respostas incorrectas (I)	
Puntuación do exame =	



Materia: Materia: Área Sociocultural . Solucións

TÁBOA DE SOLUCIÓN							
Nº	A	B	C				
1		X					
2		X					
3			X				
4	X						
5	X						
6		X					
7			X				
8	X						
9			X				
10		X					



Parte da proba acceso: Substitutiva do requisito de titulación para o acceso e admisión ás ensinanzas Deportivas de grao medio para o curso.... Resolución do ... de ... de, DOG de

Materia: Área Científico-tecnolóxica

Grao	Medio	
Data	setembro	
Alumno/a		DNI:
Cualificación		

INSTRUCCIÓN

Formato

A proba consta de 10 exercicios tipo test. O alumnado deberá elixir unha única opción e sinalar a resposta correcta de cada pregunta tipo test na táboa de solucións ao final do caderno.

Puntuación

- Cada resposta correctamente contestada contará 1 punto.
- Cada resposta incorrecta descontará 0,25 puntos.
- As respostas en branco non suman nin restan puntuación.

Duración

O tempo estimado para responder: 60 minutos (1 hora).

Execución

As respostas indicaranse debidamente na táboa final de solucións.

Materiais ou instrumentos que se poden empregar durante a proba

Bolígrafo con tinta negra ou azul.

Advertencia para o alumnado

Está prohibido usar material adicional para a realización da proba. O incumprimento desta norma será motivo de expulsión.






Indicar a resposta correcta:

Indicar la respuesta correcta:

1. A seguinte gráfica corresponde coa evolución da estatura de Martín entre os 5 e os 18 anos de idade. Cantos centímetros creceu entre os 9 e os 12 anos?

La siguiente gráfica corresponde con la evolución de la estura de Martín entre los 5 y los 18 años de edad. ¿Cuántos centímetros creció entre los 9 y los 12 años?

- a) 7 cm.
- b) 20 cm.
- c) 50 cm.



2. Véndese un artigo cunha ganancia do 15% sobre o prezo de custo. Se se mercou en 120 €, cal será o prezo de venda?


Se vende un artículo con una ganancia del 15% sobre el precio de coste. Si se ha comprado en 120 €, ¿cuál será el precio de venta?

- a) 102 €
- b) 125€
- c) 138 €

3. Calcula a área do cadrado inscrito no círculo de radio 3 cm.

Calcula el área del cuadrado inscrito en el círculo de radio 3 cm.

- a) 6 cm²
- b) 36 cm²
- c) 18 cm²






Parte da proba: Madureza. Substitutiva título graduado ESO




4. Calcular e simplificar: $\sqrt{27} - \sqrt{12} - \sqrt{12}$

Calcular y simplificar:

- a) $-\sqrt{3}$
- b) $\sqrt{7}$
- c) 0

5. Cal das seguintes vistas NON se corresponde coa figura amosada?
 ¿Cuál de las siguientes vistas no se corresponde con la figura mos- trada?




A	B	C
		

6. O esforzo principal ao que está sometido un desparafusador é o esforzo de:
 El esfuerzo principal al que está sometido un destornillador es el esfuerzo de:

- a) Flexión.
- b) Tracción.
- c) Torsión.

7. Se viramos a engrenaxe C en sentido hora- rio, en que sentidos virarán A e D?
 Si giramos el engranaje C en sentido horario,
 ¿En qué sentidos girarán A y D?

- a) A horario, D antihorario.
- b) A antihorario, D horario.
- c) A antihorario, D antihorario.






Parte da proba: Substitutiva do requisito de titulación: ESO


8. Que forza temos que realizar, segundo o seguinte esquema, para igualar unha resistencia de 500 N?
¿Qué fuerza tenemos que realizar, según el siguiente esquema, para igualar una resistencia de 500 N?

- a) 2000 N.
- b) 1000 N.
- c) 250 N



9. Tendo en conta o esquema da figura, canto valerá a intensidade na resistencia "b"? *Teniendo en cuenta el esquema de la figura,*
¿Cuánto valdrá la intensidad en la resistencia "b"?

- a) 1 Amperio.
- b) 2 Amperios.
- c) 0,5 Amperios



10. Nun circuito eléctrico colocamos unha resistencia eléctrica en serie con outra resistencia preexistente. Nese caso...
En un circuito eléctrico colocamos una resistencia eléctrica en serie con otra resistencia preexistente. En ese caso...

- a) *A resistencia total do circuito aumenta.
La resistencia total del circuito aumenta.*
- b) *A resistencia total do circuito non varía.
La resistencia total del circuito no varía.*
- c) *A resistencia total do circuito diminúe.
La resistencia total del circuito disminuye.*



Parte da proba: Substitutiva do requisito de titulación: ESO

TÁBOA DE SOLUCIÓNS			
Nº	A	B	C
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			
9			
10			

Nº de respostas correctas (C)	
Nº de respostas incorrectas (I)	
Puntuación do exame =	



Parte da proba: Substitutiva do requisito de titulación: ESO

Materia: Área Científico-Tecnolóxica . Solucións

TÁBOA DE SOLUCIÓNS							
Nº	A	B	C				
1		X					
2			X				
3			X				
4	X						
5			X				
6			X				
7	X						
8			X				
9	X						
10	X						